

O Tesouro

A semana pasada chegou á nosa vila unha nena italiana chamada Carla. Os seus pais son naturais da nosa vila e emigraron a Italia hai vinte anos.

Decidiron retornar a Galicia e trouxeron con eles á súa filla.

O seu pai, traballa coma restaurador de casas antigas e, os que o coñecen desde antes de que marchara, falan de que é moi traballador. A súa nai, traballa nunha conserveira de peixe nas aforas da vila. Levamos unha semana de compañeiros de Carla e xa fixemos moi boa amizade.

Carla mantén unha boa relación con todos os compañeiros e compañeiras da escola, adaptouse moi ben á nosa vila, Aos nosos costumes e aos nosos xogos. Sempre estabamos a xogar, cando saíamos da escola, logo da merenda e de facer os deberes, baixabamos ao seu xardín, que era moi grande, e xogabamos todos xuntos.

Un día atopamos a un coello no medio do xardín, e cando se deu conta de que estabamos mirando para el, escapou, pero nós seguímolo, agochouse tras unhas matagueiras, pero nós tiñamos intriga por saber se tiña máis coelliños con el, e acertamos. Non era un coello, era unha coella con tres coelliños, pero iso non foi o sorprendente, seguimos para dar co seu refuxio e tivemos que saír do xardín. Cal foi a nosa sorpresa que se dirixían a un lugar con moita maleza, no que tras adentrarnos, atopamos a entrada a unha cova. Entramos nela, pero estaba moi escura, tivemos medo e regresamos.

Dous días despois voltamos á cova cunha lanterna e atopamos unhas caixas de madeira que parecían antigas, completamente cubertas de po. Abrímolas e observamos gran cantidade de xoguetes de madeira antigos, fotografías, cadernos de escritura, libros e billetes que xa non estaban en uso.

Seguíamos tendo moito medo a que alguén nos descubriese e marchamos rápido a contarllo aos pais de Carla, xa que estaban nuns terreos da súa propiedade.

Eles aínda estaban máis abraiados, xa que se trata dun terreo que foi herdado do seu avó, que tras morrer, deixoulle estas leiras ao seu pai. Era unha zona de moita maleza, algo descoidada. Carla pediulle que nos acompañasen ata a cova.

Cando o seu pai viu todo o que alí había, quedou pasmado e ficou calado un par de minutos, pouco despois dixo, esta é unha pequena fortuna: xoguetes do meu bisavó, os cadernos de escritura da miña avoa e algunhas das novelas que publicou.

O pai de Carla seguía abraiado mirando o contido das caixas, incluso atopou billetes antigos, probablemente dos que estaban en uso antes da Guerra Civil. Collemos todo e levamos as caixas para a casa. Preguntáronos como deramos con esa cova, xa que nin o pai de Carla sabía dela, pensaba que eses recordos foran queimados cando el era aínda un neno.

Chegaba o final do curso e comezaba o verán, todas as tardes xogabamos naquel xardín con aqueles xoguetes. Facíanse raros para nós, sobre todo os birlos de madeira e as buxainas pero o pai de Carla ensinounos como se facía e, pouco a pouco aprendimos.

Xogabamos sempre todos xuntos, tamén aprendimos a tirar da corda, a saltar ao cabaliño. Compartiamos as novelas, eran de aventuras, moi divertidas. Levabamos unha cada semana para ler na casa. Sempre compartiamos impresións do que ocorría en cada unha delas.

Intercambiabamos as novelas todas as semanas. Nunha novela que apenas tiña setenta páxinas aparecía a descripción dun tesouro. Investigamos pero non atopabamos nada na cova ata que un día, a miña amiga Sonia fixouse na forma da copa dunha árbore do xardín de Carla, coincidía coa que aparecía na novela, e puxémonos a investigar pero apenas atopabamos nada que coincidira con aquel estraño mapa.

Pasaban os días e aquela ilusión polo mapa do tesouro esmorecía no tempo, ata que un día aconteceu algo co que ninguén contaba. O pai de Carla traballaba nun pequeno anaco de terra plantando unhas leitugas cando despois de facer un oco na terra, topou cun obxecto duro e alongado. Quen nos diría a nós que aquel obxecto sería clave nas nosas investigacións!.

Aquela mesma tarde o pai de Carla sorprendeuse xa que semellante obxecto non adoitaba aparecer no medio dun xardín. Cando lle limpou toda a terra que tiña, chamounos e díxonos que fomos onda el para ver o que era. Comprobamos moi sorprendidas que aquel voluminoso obxecto, tratábase dunha chave alongada, que parecía antiga pola ferruxe que tiña. Non lle deu importancia e púxoala nun lugar do almacén dos aparellos de labranza onde non chegabamos.

Pero ao día seguinte, sabiamos que o seu pai non estaba na casa e sen que el soubese nada, entre todos, tras subir a unha escada, conseguimos aquela chave e comezamos a nosa particular investigación.

O primeiro que fixemos foi comprobar se coincidía con algunha porta das nosas casas, pero nada, e decidimos acudir xunto unha persoa que nós consideramos sabia, unha veciña de cento tres anos que vive na última casa da aldea. Chámase Secundina, é unha anciá moi alta que goza dunha saúde de ferro, pese á súa idade, e que sempre está a contar vellas lendas.

Comentounos que non sabía de que podía ser pero escoitara hai moitos anos que alguén da familia de Carla atopara un pequeno cofre na praia e que estaba agochado nalgún lugar da aldea, que fora dun galeón que naufragara preto da nosa aldea. Cando escoitamos esas cousas, cada vez estabamos máis nerviosas, xa que ninguén, ademais de nós, sabía da existencia dese mapa do tesouro.

Puxémonos a investigar e comezamos polo xardín de Carla, que tiña moitas árbores, algunhas moi antigas e que se parecían ás que estaban debuxadas no mapa. Preguntamos ao pai de Carla cantos anos aproximadamente tiñan as árbores do xardín, e desconfiou de nós.

Tiñamos un problema moi grande xa que os datos do mapa estaban moi borrosos, por eso facíase máis difícil atopar nada concreto. Sabiamos que o suposto tesouro se atopaba entre unha pereira e dúas figueiras do xardín, pero non sabiamos como iamos facer para cavar nesa zona sen ser descubertas.

Preparamos o noso plan e decidimos intervir de noite, sen facer demasiado bulicio, entre varias, unhas vixiaban, outras alumeaban con focos e outras medimos por pasos interpretando no mapa e puxémonos a cavar.

Fixemos un gran oco na terra pero non atopamos nada. Sentimos un berro entre as matagueiras e asustámonos moitísimo. Raquel, unha das nenas que estaba con nós, esvarou e caeu no oco que fixemos e lastimouse moito, deu un golpe na cabeza e ficou desmaiada.

Resulta que o berro que escoitamos era do pai de Carla que baixara ao seu xardín para ver que pasaba porque lle parecía que alguén daba pasos. Raquel, pouco a pouco foi recuperando a consciencia e dicía con pouca voz que dera un golpe na cabeza cun obxecto moi duro.

Entón dubidamos entre se estaba delirando ou contaba a verdade. O pai de Carla achegouse cun foco á beira do oco que cavamos nós, e sorprendeuse do profundo que era. El mesmo colleu a pa para seguir cavando e golpeou algo que non era terra, semellaba madeira polo son que emitía.

Seguiu cavando, arredor daquel achado, cada vez máis forte ata que se descubriu un estraño vulto. Quitámoslle a terra que tiña por riba e ficamos todos abraiados, era un auténtico cofre de madeira. No centro tiña o oco dunha chave e por un dos lados unha inscrición que poñía en letras grandes “ S. XVI ”.

Démonos conta de que aquela chave que aparecera entre as leitugas coincidía e fomos por ela, abrimos o cofre e atopamos unha grandiosa sorpresa. Había moitísimas onzas de ouro, aneis e cadeas de ouro. Quedamos pasmados co descubrimento e non sabiamos que facer con toda esa fortuna. Levamos todo para a casa e o pai de Carla chamou a un investigador amigo del.

Estivemos tres días sen durmir vixiando o tesouro. Faciamos quendas. Este home chegou á casa de Carla esa mesma semana e afirmou que era un cofre que pertencía a un galeón que naufragara nas costas galegas facía moitos anos. Valorou a fortuna que había e o pai de Carla decidiu que a debía repartir a partes iguais.

O peor de todo foi que en pouco tempo a prensa e as televisións publicaron a noticia e tiñamos medo do que podía pasar. O pai de Carla, decidiu contratar a unha empresa de vixilancia privada para que protexese o noso tesouro particular.

Algunhas onzas de ouro foron vendidas a un anticuario e cos cartos obtidos, restauráronse todas as casas da aldea e ademais decidimos facer un museo con todas as cousas que atopamos, tanto na cova coma no cofre.

Agora, temos un lugar onde poder observar esta inmensa fortuna, algo que aproveitan os peregrinos do Camiño de Santiago cada vez que visitan a nosa vila de paso cara Compostela.

Quinto de Ed. Primaria

